

vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

Terceiro.-Modelo de solicitude.

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais, e está á disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo www.edu.xunta.es profesorado/interinos-substitutos/convocatorias apertura de listaxes de substitutos, servizo de secundaria (documentos relacionados).

Cuarto.-Comisión baremadora.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión nomeada polo director xeral de Persoal e constituída por tres funcionarios destinados en esta dirección e dous profesores que estean impartindo docencia no ciclo formativo de audioprótese.

Quinto.-Baremo.

1. Experiencia profesional.

1.1. Por cada mes de experiencia docente na área de audioprótese ou de audioloxía: 0,25 puntos.

1.2. Por cada ano de experiencia profesional na elaboración e reparación das próteses auditivas, en montaxes de gabinetes audioprotésicos, na elección e axustamento de próteses auditivas tanto en adultos como en nenos, en logaudioloxía ou fonoaudioloxía necesaria para as técnicas, métodos e formas de comunicación e psicoloxía do hipoacúsico: 0,20 puntos.

1.3. Por cursos impartidos relacionados coa audioprótese ou a audioloxía: 0,05 puntos por cada hora, ata un máximo de dous puntos.

2. Actividades de formación.

Por actividades de formación relacionadas coa audioprótese:

Por cada hora: 0,04 puntos ata un máximo de tres puntos.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2003.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

Anuncio do 27 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades vinculadas ás ensinanzas superiores de arte dramática.

Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para o corpo de profesores de música e artes escénicas nas especialidades vinculadas as ensinanzas superiores de arte dramática que se publican no anexo.

O prazo para presentar a instancia solicitude, na consellería ou nas delegacións provinciais, será de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

O baremo axustarase ao publicado no anexo desta resolución.

O modelo de solicitude atópase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para efectos do previsto no Decreto 299/1990, do 24 de maio.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2005.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

ANEXO

Baremo de contratación para prazas de interinidades ou substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade arte dramática

1. Méritos académicos.

1.1. Expediente académico.

-Pola nota media de notable na titulación alegada para acceso ás prazas: 1 punto.

-Pola nota media de sobresáinte na titulación alegada para acceso ás prazas: 2 puntos.

1.2. Por cada título oficial de doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto distinto ao alegado como preferente: 1 punto.

1.3. Por cada título oficial de diplomado, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico distinto ao alegado como preferente: 0,50 puntos.

1.4. Por cada título de profesor de conservatorio de música distinto do alegado como preferente non asumido no punto 2.2.: 0.50 puntos.

1.5. Polo certificado de especialista en lingua galega: 1,50 puntos.

1.6. Polo certificado de perfeccionamento de lingua galega: 1 punto.

1.7. Polo certificado de iniciación de lingua galega: 0,50 puntos.

Os puntos 1.5, 1.6 e 1.7 son incompatibles entre si.

2. Experiencia docente: ata un máximo de 6 puntos.

2.1. Por cada ano de experiencia docente en ensinanzas de arte dramática en centros autorizados: 1 punto.

2.2. Por cada ano de experiencia docente noutras ensinanzas: 0,25 puntos.

3. Experiencia profesional: ata un máximo de 6 puntos (unicamente será avaliable a experiencia acadada nos últimos 12 anos).

Pola participación en espectáculos, como actor, autor, escenógrafo, dramaturgo, iluminador e análogos:

- a) En compañías profesionais: ata 5 puntos.
- b) En compañías non profesionais: ata 3 puntos.

4. Outros méritos:

4.1. Publicacións, artigos, libros, relacionados coa especialidade: ata un máximo de 2 puntos.

4.2. Por cursos relacionados coa especialidade: 0,10 puntos por cada 10 horas, ata un máximo de 2 puntos.

De todos os méritos alegados deberá achegarse a correspondente documentación xustificativa.

Especialidade	Requisitos de titulación
Dicción e expresión oral	Titulación superior de arte dramática, especialidade de interpretación ou Titulación superior en música, especialidade de canto.
Teoría teatral	Titulación superior en arte dramática, especialidade de dirección de escena, opción dramaturxia e estudos teatrais.
Dramaturxia	Titulación superior en arte dramática, especialidade de dirección de escena, opción dramaturxia e estudos teatrais.
Teoría e historia da arte	Licenciatura en historia da arte.
Linguaxe musical	Titulado superior en música, especialidade en linguaxe musical.
Expresión corporal	Titulación superior en arte dramática, especialidade de interpretación corporal.
Espazo escénico	Titulación superior en arte dramática, especialidade de escenografía ou de dirección de escena, opción dirección de escena.
Dirección escénica	Titulación superior en arte dramática, especialidade de dirección de escena, opción dirección de escena.
Interpretación	Titulación superior en arte dramática, especialidade de interpretación
Literatura dramática	Titulación superior en arte dramática, especialidade de dramaturxia e estudos teatrais.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 6 de xuño de 2005, da División de Recursos Humanos, pola que se resolve definitivamente o proceso extraordinario de consolidación de emprego de determinadas categorías do Servizo Galego de Saúde, se nomean os aspirantes seleccionados como persoal estatutario fixo do organismo e se lles adxudica aos participantes o destino definitivo correspondente.

A base décimo quinta e seguintes das diversas ordes do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 xuño de 2002) e do 29 de xullo de 2002 (DOG nº 168, do 2 de setembro de 2002), polas que se

convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que, publicadas as listaxes provisórias, á vista das reclamacións presentadas, e realizadas, se é o caso, as correccións oportunas, a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución definitiva da asignación de destinos por centros de xestión.

Para este efecto, a estimación ou desestimación das devanditas reclamacións entenderanse implícitas nesta resolución.

Ademais, coas prazas non adxudicadas ou que resulten vacantes como consecuencia da fase de provisión iniciárase de novo o procedemento de provisión.

Así mesmo, o persoal en situación de expectativa de destino que obtivese praza na fase de provisión será nomeado persoal estatutario fixo, polo que a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación definitiva do total dos adxudicatarios, con expresión concreta da praza adxudicada, resolución que abrirá o prazo de toma de posesión.

Polo tanto, este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.

Publicar, con carácter definitivo, as puntuacións e os destinos obtidos polos aspirantes que participaron na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado polas ordes do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 xuño de 2002) e do 29 de xullo de 2002 (DOG nº 168, do 2 de setembro de 2002), das seguintes categorías: bibliotecario, cociñeiro, grupo administrativo da función administrativa, lavandeira, matrona, pasadora de ferro, pinche, TEAP, técnico de xestión de sistemas e tecnoloxías da información, técnico superior de sistemas e tecnoloxías da información, TEL, TER e xestión da función administrativa.

Segundo.

As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.

De conformidade coa base décimo terceira das citadas ordes de convocatoria, declárase a perda da situación de persoal estatutario en expectativa de destino daqueles aspirantes que non participaron na fase de provisión, considerándose decaídos nos seus dereitos, sen que poida adxudicárselles praza ningunha, nas seguintes categorías:

TEL: Elisa Carneiro Busto, DNI: 35435032J.